

**LIMIAR**  
**POR**  
**ROSARIO ÁLVAREZ**

Presidenta  
do Consello da Cultura Galega







1963, centenario de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, recoñecidos por amplo consenso como a obra fundacional da literatura galega moderna. 17 de maio, *data cronica* da súa publicación, tomada da dedicatoria da autora a Fernán Caballero e que, non semella que sexa por acaso, coincide coa do 30º aniversario de Manuel Murguía. Ningunha data máis propicia para a celebración das nosas letras, ningunha ocasión máis indiscutible, ningunha efeméride capaz de concitar tantos e tan rápidos apoios por todo o país. Era tan redonda, tan acaída, tan incuestionable que non é verosímil que estivese agardando aí a que, nun repente, se producise a epifanía. Cantos anos non levaría levedando a idea, ata que por fin chegou o ansiado 63, na mente brillante, luminosa, do home que había dar pé ao milagre? E van aló 60 anos.

Francisco Fernández de Riego (Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010) ten un lugar de honra na historia da cultura galega, e por tanto na historia de Galicia. Repetiremos este ano, con xustiza, que el foi quen concibiu e promoveu a

festa cultural que chamamos Día das Letras Galegas e que cada ano nos convoca a todos os galegos e galegas —na Galicia territorial e na Galicia espallada polo mundo— para celebrar a unha soa voz a vida e obra da personalidade escolleita pola Real Academia Galega 🍷 É o día grande da nosa cultura, unha verdadeira festa nacional 🍷 Este ano, 2023, cando se cumpren 60 edicións de xeito ininterrompido, el é a personalidade homenaxeada 🍷

Pero, naturalmente, os seus méritos nin comezan nin rematan nesta acción singular 🍷 Case un século de vida entregada á causa galega, acompañando —non de raro como testemuña de excepción ou como axente indispensable— os principais acontecementos e fitos que marcan a singradura de Galicia ao longo do século xx: participando activamente en institucións, botando a andar proxectos ambiciosos, traballando diariamente a prol da súa sustentabilidade económica, termando do leme nas condicións adversas, fomentando a reagrupación dos que foran compañeiros un día, facendo de ponte integradora entre xeracións, sendo eficaz embaixador entre a Galicia da Terra e a Galicia do exilio e da emigración, poñendo a súa pluma

ao servizo do proxecto colectivo, facilitando o labor dos creadores en diferentes artes, etc. etc. etc. ♪

Francisco Fernández de Riego, don Paco ♪ Ningún hipocorístico pode ser pronunciado con maior respecto ♪ Respecto xenuíno, o que nace da admiración, da gratitude e do afecto ♪ Para os seus iguais, compañeiros de xeración, era Paco; para os que viñamos detrás en sucesivas xeracións, e que nunca eramos tratados por el como ‘rapaces’, era don Paco ♪ El foi un guieiro accesible e afable: nin paternalista nin condescendente, tampouco dado a cruzar a liña das confianza; nós recoñeciamos nel unha altura ética e intelectual incuestionables e el, sen que importase a diferenza de idade, respectábanos e, silandeiramente, íanos empurrando cara adiante ♪

O Consello da Cultura Galega únese a esta celebración coa edición de *Na espera do amigo*, unha obra singular, desde varios puntos de vista, e asemade significativa ♪ Trátase dunha rara incursión do autor na creación literaria non ensaística, segundo testemuño propio realizada na mocidade ♪ A peza que editamos, custodiada na Fundación Penzol (ben haxa!), é un exemplar numerado dun proxecto editorial

vanguardista —tamén no sentido de proporcionar novos formatos para a cultura galega—, debido a Edicións Aguatinta (Vigo, nadal de 1994): o fundador e home clave de Galaxia está contribuíndo ao lanzamento dunha editora emerxente fundada en intereses renovadores do panorama cultural que aúnan literatura e artes plásticas ♪

E este é un aspecto que tamén cómpre salientar, pois a vida activa do noso homenaxeado no ámbito da cultura está marcada polo seu grande interese polas artes plásticas e nesta obra danse a man Francisco Fernández del Riego e Laxeiro, dous grandes: dun lado, o texto literario; do outro, a serigrafía de Laxeiro a dúas cores para ilustrala ♪

Finalmente, reparemos en dous aspectos salientables do contido: a amizade, o sentimento de perda de parte do propio ser pola ausencia do amigo, a confianza na lealdade do amigo que cumprirá sen dúbida a promesa dada; a partida do lugar nativo deixando atrás todo o que se ama, o desgarrado da emigración tamén para os que quedan, a dificultade do retorno para os que, a milleiros, non viron cumpridos os seus soños ♪

O texto vai precedido de catro contribucións que agradecemos de todo corazón ♪ Román

Pereiro Alonso, a modo de introito, documenta para nós tanto o inicio da súa relación con don Paco coma o nacemento do proxecto que nos regalou con esta obra; a nosa gratitude é aínda maior por todas as facilidades dadas por Edicións Aguatinta para este libro de homenaxe ♡ Xosé López González, filólogo, traza o perfil biográfico do homenaxeado, encadra a peza dentro da súa produción narrativa e detense na análise literaria; a súa ollada ten o valor engadido de ser deitada desde a patria común, Lourenzá, e desde o trato persoal co autor ♡ Carlos L. Bernárdez, ensaísta literario e artístico, un referente no estudo e divulgación da arte galega do século xx, sitúanos no contexto cultural posterior á Segunda Guerra Mundial e lévanos por inmersión ao Vigo das décadas centrais do século, e máis concretamente aos ambientes artísticos, marcados pola sintonía entre escritores e artistas plásticos; con el seguimos o interese crescente de Francisco Fernández del Riego (e da Editorial Galaxia) pola arte galega do seu tempo e por vincular artes plásticas e literatura ♡ Finalmente, Beatriz Liz de Cea, historiadora da arte e comisaria da exposición *Francisco*

*Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega* (Vigo, 2022), afonda na relación persoal de Fernández del Riego con Laxeiro, que arrinca xa nas aulas compostelás da súa mocidade, e coa práctica totalidade dos pintores e pintoras do seu tempo, en sucesivas xeracións; pasa revista á dedicación do noso autor a divulgar a creatividade renovadora da arte galega contemporánea en artigos e conferencias —recoñecida e recompensada por algúns dos seus protagonistas, que o immortalizan en retratos memorables—; e remata coa caracterización da ampla colección artística legada por Francisco Fernández del Riego ao pobo de Vigo 🍷